

opusdei.org

Organización da Prelatura

Gobernada por un Prelado en Roma, actualmente Mons. Xavier Echevarría, de acordo co dereito canónico e os estatutos propios do Opus Dei.

18-03-2001

O prelado -e, no seu lugar, os seus vigairos- exerce a xurisdición no Opus Dei: é o Ordinario propio da prelatura.

Actualmente, o prelado do Opus Dei é S.E. monseñor Xavier Echevarría.

O Vigairo xeral é monseñor
Fernando Ocáriz.

Vicario secretario central é
monseñor José Javier Marcos.

A Curia Prelaticia ten a súa sede
central en: Viale Bruno Buozzi 73,
00197, Roma, Italia.

A Prelatura do Opus Dei réxese polas
normas do dereito xeral da Igrexa,
pola constitución apostólica Ut sit e
polas súas propios Estatutos ou
Código de dereito particular do Opus
Dei. O Código de Dereito Canónico de
1983 contén as normas básicas da
figura da prelatura persoal (cann.
294-297).

Os sacerdotes que forman o
presbiterio da prelatura dependen
plenamente do prelado, quen lles
sinala os seus labores pastorais, que
desempeñan en estreita unión coa
pastoral diocesana. A prelatura

responsabilízase do seu sostemento económico.

Os fieis laicos dependen do prelado no que se refire á misión específica da prelatura. Están suxeitos ás autoridades civís do mesmo xeito que os demais cidadáns, e ás outras autoridades eclesiásticas da mesma forma que os demais católicos seculares.

No goberno do Opus Dei, o prelado conta coa colaboración dun consello de mulleres, a Asesoría Central, e outro de homes, o Consello Xeral. Ambos teñen a súa sede en Roma.

O goberno da prelatura é colexial: o prelado e os seus vigairos desempeñan sempre os seus cargos coa cooperación dos correspondentes consellos, formados na súa maioría por laicos.

Os congresos xerais da prelatura celébranse ordinariamente cada oito

anos, con participación de membros procedentes dos distintos países onde está presente o Opus Dei. Neses congresos estúdase o labor apostólica da prelatura e propónse ao prelado as liñas para a súa futura actividade pastoral. O prelado procede no congreso á renovación dos seus consellos.

A prelatura distribúese en áreas ou territorios chamados rexións. Á fronte de cada rexión -cuxo ámbito pode ou non coincidir cun país- hai un vigairo rexional, cos seus consellos: Asesoría Rexional para as mulleres e Comisión Rexional para os homes.

Algunhas rexións se subdividen en delegacións de ámbitos máis reducidos. Neste caso, repítese a mesma organización do goberno: un vigairo da delegación e dous consellos. Finalmente, a nivel local existen os centros do Opus Dei, que

organizan os medios de formación e a atención pastoral dos fieis da prelatura do seu ámbito.

Os centros son de mulleres ou de homes. En cada un hai un consello local, presidido por un laico -a directora ou o director- e con polo menos outros dous fieis da prelatura. Para a específica atención sacerdotal dos fieis adscritos a cada centro, o Ordinario da prelatura designa un sacerdote do seu presbiterio.

Ningún cargo de goberno, salvo o do prelado, é vitalicio.

Todos os fieis atenden as súas propias necesidades persoais e familiares por medio do seu traballo profesional ordinario. Ademais de sosterse persoalmente, os fieis do Opus Dei e os cooperadores fanse cargo dos gastos propios das necesidades pastorais da prelatura.

Estes gastos redúcense, basicamente, aos de sostemento e formación dos sacerdotes da prelatura, aos vinculados á sede da curia prelatia -así como dos gobernos rexionais ou as delegacións- e ás escolas que a prelatura concede. Como é lóxico, os fieis do Opus Dei axudan tamén a igrexas, parroquias, etc.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/organizacion-de-la-
prelatura/](https://opusdei.org/gl-es/article/organizacion-de-la-prelatura/) (18-05-2025)